



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE XUÑO DE DOUS MIL SETE.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a María Loureiro García, D. José Luis Docampo Fortes, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. M^a. Carmen Gueimunde González, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. Celestino V. García Paz, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

XUSTIZA A NON ASISTENCIA

D. Fidel García Martul

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D^a. Fátima Moar Rivera

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as once horas do día trinta de xuño do dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, que substitúe á titular por ausencia desta motivada en asuntos dos que se deu conta coa debida antelación á Alcaldía, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira da convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA CELEBRADA O DÍA 16 DE XUÑO DE 2007.

Polo Sr. Alcalde pregúntaselle aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión constitutiva celebrada o día 16 de xuño de 2007, intervindo o concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que indica que hai un erro na páxina 3, na intervención súa, na que figura o ano 1975, cando debe figurar o ano 1979.

Non producíndose outras intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aprobar a dita acta.

2º.- RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura da súa proposta que transcrita, literalmente, dí:

“FIXACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN.

Por esta Alcaldía-presidencia establécense as sesións ordinarias do Pleno desta Corporación cunha periodicidade mensual, o terceiro xoves de cada mes, ás vinte horas e trinta minutos.

Se a referida data coincidira cunha festividade local, autonómica, nacional ou doutro carácter celebrarase a dita sesión ordinaria no seguinte xoves.”



Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda quedar informada da dita proposta.

3º.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta da creación e composición de Comisións de Estudio, Informe e Consulta que xa se comunicou ao Partido Popular e que son as mesmas que no mandato anterior.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do Partido Popular, D. Guillermo Leal Arias, que solicita ter a disposición do seu grupo a documentación das sesións das Comisións Informativas con tres días de antelación á celebración destas.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda quedar informado da creación das Comisións de Estudio, Informe e Consulta, seguintes:

- COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA.
- COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUCTURAS, OBRAS E MEDIO AMBIENTE.
- COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL.
- COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL.
- COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.
- MESA DE CONTRATACIÓN.
- XUNTA DE VOCEIROS.

A continuación, o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, da lectura da proposta do BNG que, textualmente, dí:

“1º.- Que se constitua nesta primeira sesión de Pleno da Corporación Municipal de Viveiro unha **COMISIÓN ESPECIAL DE ESTUDIO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE 2007**, na que estemos representadas todas as organizacións políticas da Corporación. Esta Comisión Especial tería reunións con periodicidade mensual até a data de presentación do Proxecto Inicial do PXOM no Pleno do Concello, sesión esta que debería ser convocada antes do remate do ano 2007.

2º.- Que tendo en conta que a proposta da Alcaldía é que as sesións ordinarias de Pleno da Corporación Municipal terían como data o terceiro xoves de cada mes, entendemos **debe fixarse como semana de traballo das distintas Comisións de Estudo e Informativas a segunda semana de cada mes.**”

En contestación o Sr. Alcalde propón ampliar os representados nesa Comisión a todas as asociacións veciñais, consellos territoriais, nomeando un representante de cada Consello, tamén representantes da Asociación de constructores, aberta ao Grupo de Portos, etc. . Que se formará esta Comisión para o estudo do Plan Xeral de Ordenación Municipal cunha composición distinta á da Comisión de Obras. Engadindo que se está a preparar a solicitude de subvención para a redacción



do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM); indicando, finalmente, que, de non aceptar esta proposta, o grupo do PS de G-PSOE a rexeitaría.

Intervén o Voceiro do PP, Sr. Leal Arias, que dí que o seu grupo e partidario de aprobar a proposta do BNG e que non se opoñen á participación veciñal na futura Comisión do PXOM.

Seguidamente, o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, di que está de acordo con que o Plan Xeral de Ordenación Municipal debe andar hácía diante, xa que é un tema de máxima preocupación para todos.

Neste intre, intervén o Concelleiro do BNG, Sr. Goás Basanta que se ratifica na proposta feita por escrito, que sometida a votación, resulta rexeitada por nove votos en contra (PS de G-PSOE e IU-EU) e oito a favor (PP e BNG).

4º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, NA MATERIA DE NOMEAMENTOS.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do Decreto de nomeamentos como representantes do grupo de goberno nos colexios públicos e centros de ensinanza pública deste Concello que transcrito, literalmente, dí:

“DECRETO DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NOS COLEXIOS E CENTROS DE ENSINANZA PÚBLICA.

Proponse o nomeamento dos representantes nos Colexios Públicos e Centros de Ensinanza Pública:

C.E.I. “SAN ROQUE”: D^a. María Loureiro García
C.E.I.P COVAS: D^a. . M^a. Concepción Toral Romero
C.P. “SANTA RITA DE GALDO: D. Jesús Antonio Fernández Cal
C.E.P. “LUIS TOBÍO”: D. Rafael Luis Fernández Amor
C.E.I.P. “PEDROSA LATAS” DE CELEIRO: D^a. Olga María Méndez Carro .
I.E.S. “IRMÁNS VILAR PONTE”: D^a. M^a. Isabel Rodríguez López.
I.E.S. “MARÍA SARMIENTO”: D^a. Olga María Méndez Carro.
ESCOLAS UNITARIAS: D. José Luis Docampo Fortes.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, en Viveiro a día vinte e sete de xuño do dous mil sete.”

A seguir, o Sr. Alcalde da conta do Decreto de nomeamento de Tenentes de Alcalde que, literalmente dí:

“D E C R E T O

D. MELCHOR ROEL RIVAS, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude do disposto nos artigos 21.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime



Local, 61.2 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e nos artigos 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Unha vez constituída esta Corporación Local, o pasado día 16 de xuño, e ao ser preceptiva a constitución da Xunta de Goberno deste Concello, segundo o dispón o artigo 20.1, apartado b), da Lei 7/85 citada e 59.2, apartado b), da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes Concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde: D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA (PS deG-PSOE)

Segundo Tenente de Alcalde: D. JOSÉ LUIS DOCAMPO FORTES (PS de G-PSOE).

Terceiro Tenente de Alcalde: D^a MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ.(PS de G-PSOE).

Cuarto Tenente de Alcalde: D. RAFAEL LUIS FERNÁNDEZ AMOR (PS de G-PSOE).

Quinto Tenente de Alcalde: D^a. OLGA MARÍA MÉNDEZ CARRO.

Como Tenentes de Alcalde corresponderalles subsituír a esta Alcaldía, na totalidade das súas funcións, e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a esta para o exercicio das súas atribucións.

SEGUNDO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, notificándolles, persoalmente, aos designados e publicando no Boletín Oficial da Provincia o edicto correspondente, sen prexuízo da súa efectividade, desde o día seguinte ao da presente resolución.

Mándoo e asínoo en Viveiro a día dezanove de xuño do dous mil sete.”

A continuación, o Sr. Alcalde da conta do nomeamento dos membros da Xunta de Goberno:

“D E C R E T O

D. MELCHOR ROEL RIVAS, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude do disposto no artigo 52.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, de acordo co disposto no artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Que a Xunta de Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, estea integrada polos Concelleiros do PS de G-PSOE seguintes:

D^a MARÍA LOUREIRO GARCÍA

D. JOSÉ LUIS DOCAMPO FORTES

D^a. MARÍA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

D. RAFAEL LUIS FERNÁNDEZ AMOR

D^a. OLGA MARÍA MÉNDEZ CARRO



SEGUNDO.- Dar conta do referido nomeamento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, notificándolles, persoalmente, aos designados e publicando no Boletín Oficial da Provincia o edicto correspondente.

Mándoo e asínoo en Viveiro a día dezanove de xuño do dous mil sete.”

Finalmente, polo Sr. Alcalde dáse lectura do Decreto de delegacións que, transcrito, literalmente, dí:

“D E C R E T O

D. MELCHOR ROEL RIVAS, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, así como o artigo 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Outorgar aos Concelleiros do grupo de goberno que se expresan as seguintes Delegacións:

XESTIÓN ADMINISTRATIVA, RÉXIME INTERNO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

Concelleira Delegada: D^a. MARÍA LOUREIRO GARCÍA (1^a. Tenente de Alcalde).

ECONOMÍA, POLICÍA LOCAL E SEGURIDADE CIDADÁ

Xestión e xeración dos recursos: Intervención, Tesourería, Facenda Local, Patrimonio Municipal, xestión e xeración de recursos, Recadación, contratación de obras, servizos e subministros, Policía Local e Seguridade cidadá.

Concelleiro Delegado: D. RAFAEL LUIS FERNÁNDEZ AMOR (4^a Tenente de Alcalde)

OBRAS, SERVIZOS PÚBLICOS E MEDIO AMBIENTE.

Obras, alumeados, mercados, consumo, sanidade, cemiterio, xardíns e zonas verdes, ciclo da auga (subministro domiciliario, rede de saneamento e tratamento de augas residuais, depuradora), saneamento, residuos, xestións do lixo, recollida domiciliar e limpeza viaria.

Concelleiro Delegado: D. JOSÉ LUIS DOCAMPO FORTES (2^a Tenente de Alcalde).

BENESTAR SOCIAL .

Prestación de Servizos Sociais e de promoción e reinserción social (servizos comunitarios e especializados), centros sociais, Educación, centros docentes e equipamentos educativos.

Concelleira Delegada: D^a. MARÍA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ (3^a. Tenente de Alcalde).

DEPORTES E ATENCIÓN AO MEDIO RURAL:

Actividades, instalacións deportivas e fomento do deporte e atención ao medio rural.

Concejal Delegado: D. JESÚS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL.



CULTURA, MULER, MOCIDADE E XUVENTUDE

Promoción e atención á muller, xuventude, Banda de Música, museos, exposicións e espectáculos.

Concelleira Delegada: D^a. CONCEPCIÓN TORAL ROMERO.

DESENVOLVEMENTO LOCAL, TURISMO E COMERCIO.

Axencia de desenvolvemento Local, turismo e comercio, formación e emprego e Escola Obradoiro.

Concelleira Delegada: D^o. OLGA MARÍA MÉNDEZ CARRO.

O ámbito destas Delegacións será, en xeral, para todos aqueles asuntos intrínsecos aos que se refiren, agás a Dirección do Persoal afecto ao servizo e, a resolución de actos administrativos que afecten a terceiros.

Deléganse as facultades de dirección, inspección e xestión dos servizos a que se refira.

A Delegación será válida a partir do momento da recepción da notificación polo interesado, e en tanto non se revoque dita Delegación por esta Alcaldía.

A presente Delegación de atribucións, surtirá efectos desde o día seguinte ao da data do presente Decreto, debendo darse conta na sesión que celebre, sen prexuízo da súa publicación no BOP, consonte ao disposto no artigo 44 do ROF.

SEGUNDO.- Dar conta do referido nomeamento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, notificándolles, persoalmente, aos designados e publicando no Boletín Oficial da Provincia ao edicto correspondente.

Mándoo e asínoo en Viveiro a día vinte e sete de xuño do dos mil sete.”

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete) acorda darse por informado dos mencionadas resolucións da Alcaldía.

5º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS PARA A ALCALDÍA E A 1ª TENENCIA DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta da proposta que, textualmente, dí:

“Melchor Roel Rivas, Alcalde-presidente deste Excmo. Ayuntamiento de Viveiro, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- A aprobación de que tanto a cargo de Alcalde como o de primeira Tenente de Alcalde se desempeñe no réxime de dedicación exclusiva, coas seguintes retribucións brutas anuais:

- Alcalde: 26.600,00 €
- Primeira Tenente de Alcalde: D^a. María Loureiro García: 18.200,00 €

A dedicación exclusiva da Primeira Tenente de Alcalde, D^a. María Loureiro García, vén motivada nas labores que está a desempeñar como Concelleira delegada da Administración, Xestión e participación Cidadá, substituindo a esta Alcaldía cando sexa preciso.



Cómpre salientar que a formación universitaria co Grado de Licenciatura que posúe a citada xera unhas expectativas de emprego que resultan coartadas pola Delegación que se lle encomenda.

As dúas retribucións aboaranse en catorce pagas de idéntica contía bruta, cobrando dúas extraordinarias xunto coas nóminas de xuño e decembro.

Asímesmo, acordase a alta no réxime da Seguridade Social, no caso do Alcalde cos efectos retroactivos referidos á data da toma de posesión no caso da Primeira Tenente de Alcalde ditos efectos se retrotraerán á da data do seu nomeamento como primeira Tenente de Alcalde.

As retribucións actuarilizaranse anualmente coa suba que ao respecto establece a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao seu servizo.

Segundo.- Ordear a publicación íntegra deste acordo no Boletín Oficial da Provincia e fixar o mesmo no taboleiro de edictos do Concello ao obxecto de cumprir os requisitos legais de publicidade e transparencia na xesión dos servizos públicos.

Darase traslado do Acordo ao departamento de Intervención e Tesourería para a súa tramitación..”

Aberta a quenda de intervencións prodúcese a do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que di que bota de menos a reunión previa dos Voceiros dos grupos políticos e dos Concelleiros do resto de partidos para chegar a un acordo.

Seguidamente, o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, di que está conforme con que existan as dedicacións exclusivas pero non coa maneira en que se leva a cabo a proposta e, que bota en falta unha reunión previa para que o asunto estivera consensuado e solicita se deixe o asunto sobre a Mesa para un novo estudo da retribución da 1ª Tenente de Alcalde.

En terceiro lugar, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que manifesta que é partidario soamente dunha dedicación exclusiva e se están a votar tamén as retribucións da primeira Tenente de Alcalde. Finaliza coa afirmación: “hay que traballar todos xuntos polo Concello”.

En contestación, o Sr. Alcalde-presidente resposta que as dedicacións exclusivas se presentaron da mesma maneira que hai catro anos, e se levaron a Pleno para o seu debate sen convocatoria da Xunta de Voceiros.

Non se producen outras intervencións, e obrando no expediente o informe emitido polo Sr. Interventor municipal, sométense a votación as retribucións da Alcaldía e, o Pleno da Corporación, por maioría de nove votos a favor (PS de G-PSOE e IU-EU) e oito abstencións (PP e BNG), acorda aprobar a dedicación exclusiva do Sr. Alcalde coas retribucións brutas anuais de 26.600 €uros, con efectos do 17 de xuño do 2007.

A continuación, nunha nova votación, para as retribucións da primeira Tenencia de Alcaldía, o Pleno da Corporación, por maioría de oitos a favor (PS de G-PSOE) e nove abstencións (PP, BNG e IU-EU), acorda aprobar a dedicación exclusiva da primeira Tenente de Alcalde de acordo coa



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

proposta, e coa retribución bruta anual de 18.200 .€uros, con efectos dende o nomeamento como 1ª Tenente de Alcalde, de data 20 de xuño do 2007. .

Dáse traslado do presente acordo ao departamento de Intervención para a publicación íntegra deste acordo, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de edictos deste Concello.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as once horas cincuenta minutos, esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.